



Estimadas nais/pais:

ANTONIO GALLEGO CID, S.L. desexa darlles a benvida a este novo curso escolar 2020/2021 e informarlles de que dende o mes de setembro e ata o próximo mes de Xuño ofrecerémoslle os servizos de comedor, almorzo saudable e acollida temperá para os seus fillos. Así pois, achegámoslles información de interese de ditos servizos.

1. Os prezos dos servizos que prestaremos serán os seguintes:

	SOCIO	NON SOCIO	ESPORÁDICO (socio / non socio)
ACOLLIDA	30,60 €	33,60€	3,00 € / 3,50€
ACOLLIDA CON ALMORZO	40,30 €	43,30€	3,00 € / 3,50€
COMEDOR	82,00€	87,00€	6,00 € / 6,50

Fixos: O custo do servizo de comedor será igual os 10 meses do curso escolar. No prorrateo do custo do servizo inclúense os meses de setembro e xuño.

Os nenos de 4º de infantil, en período de adaptación, teñen a opción, só no mes de setembro, de pagar os días que queden ao servizo de comedor, como usuari@s esporádic@s.

O cobro de usuari@s solicitantes de **bolsa do Concello** que desexen asistir ao comedor antes da publicación das listaxes definitivas, terán que aboar o servizo do mesmo xeito que @s usuari@s habituais. No momento en que se dispoña da listaxe definitiva de bolsas concedidas aboarase a totalidade das cantidades satisfeitas.

Esporádicos: para a utilización do servizo esporádico é necesaria a compra do bono correspondente que deberá ser consumido no mesmo día da súa compra e que estará á súa disposición nas dependencias do comedor.

2. O pago do servizo será por adiantado e farase mediante domiciliación bancaria entre os días 1 e 5 de cada mes á empresa Antonio Gallego Cid, S.L.. En caso de devolución de recibos, cobráraselle ós usuarios a cantidade de 6,00 €. **O recibo terá que ser aboado en efectivo á persoa encargada do comedor no prazo máximo de 5 días dende a notificación, de non ser así causará baixa automática no servizo.**

3. **As baixas ou modificacións** deberán ser notificadas á persoa responsable do comedor **antes do día 25 do mes anterior. De non ser así, deberase aboar toda a mensualidade.**

As Baixas no servizo de COMEDOR sen causa xustificada terán un recargo no mes que se volvan dar de alta de 50,00€, que se cargarán xunto co recibo do mes que corresponda, do mesmo xeito a baixa de usuarios/as no mes de xuño suporá un pago de 50,00€ en concepto de regularización.

(Existen á súa disposición impresos de baixa / modificación nas dependencias do comedor).

4. En caso de dieta médica específica, deberán cubrir a ficha de dietas e remitir informe facultativo.

5. Para unha mellor xestión no cargo dos recibos e evitar que se acumulen os recibos de setembro e outubro será preciso entregar a reserva xunto co formulario de domiciliación bancaria cumprimentado antes do 19 de Xuño, excepto para o alumnado de primeira matrícula no centro que o prazo coincidirá co de matrícula. **Non se cargará ningún recibo ata que dea comezo o curso e teñamos o listado definitivo de usuari@s, deixando así marxe a situacións que se poidan dar (usuari@s que aínda coa reserva feita non comezan no servizo, usuari@s que reservan servizos que á hora de comezar a escola xa non precisan...).**

Así pois, agradecémoslle a atención prestada e confiamos en satisfacer as necesidades que o seu fillo/a require.

Atentamente quedamos á súa disposición ante calquera dúbida que se lle puidese plantexar no teléfono 615-50-19-51 en horario de 09:00h a 15:00h.

ANTONIO GALLEGO CID, S.L.